

## *Os décimos en Santa Mariña do Monte*

### **Unha enxemina redonda**

Por aqueles días, cando eu andaba envolto e revoltado entre vellas escrituras para preparar a declaración dos propietarios para a Concentración Parcelaria ([tema do que xa teño falado](#)), chegaba o tempo litúrxico da Páscoa. O Cura anterior recollía os “*décimos*”, como estaba mandado desde o Antigo Testamento. **Manuel de Antón**, gran colaborador da igrexa, dicíame un día si e outro tamén que avisara á xente para que me levaran o froito. (Creo que lle chamaban a *enxemina*). Eu retorcíame; daba largas; non era capaz diso. Parecíame algo inxusto e pasado de moda; sen razón de ser. Pero todo ten amaño. Neste caso foi unha desgraza a que me ofreceu a solución para saír do enredo.

**Manolo de Redondo** estaba moi enfermo. Os médicos recomendaban levalo a Barcelona para consultar co Dr. Puigvert no Hospital de “Sta. Creu i Sant Pau”. (Urólogo famoso que no 1988 morreu aos 83 anos ao inxerir por error auga con mercurio, un preparado que facía para lavarse os pes!! Qué listos son os sabios!). Pero non había cartos. Daquela ilumináronse as neuronas e, como digo, por mor dunha desgraza, vin o ceo aberto. Díxenlle a freguesía que o que ían dar para o Cura llo deran a **Maruxa**, a muller de Redondo. Así foi. Arranxados os papeis, saímos os tres en avión para Barcelona. Alí estivemos unha semana. Mentres Manolo estaba no Hospital, tiveron tempo a pasear polas rúas. Chamoume a atención sentir as rapaciñas falando catalán; perseguín a algunha parella para comprobalo e gustalo; e entristecido lembrei a **D. Eduardo** cando rogaba “*meniñas da Cruña, falade galego*” e, andando o tempo, tamén D. Ramón berraba, empoleirado nas pólas de Pumariño, “*meniñas de Sansa, falade galego*”, e algunhas, aínda hoxe, seguen sen querer que Galicia sexa nación. Tamén nas oficinas do Hospital, cando tiveron que amañar algo, a entrada era en catalán; despois, ao decatárense que non era do país, pasaban ao castelán. Esa experiencia non se me esquecerá polo contraste que supoñía co que se vivía aquí en Galicia.

**Manolo** recuperou moito grazas á diálise, pero os doutores dixéronnos que a alegría sería pequena. Non se enganaron. Tratei de buscar algún remedio. Redondo e Maruxa eran merecedores de apoio. Véuseme á cabeza o que tiña máis a man. Fun falar con **Lino de Mera** na procura das augas milagreas. Comenteille o caso. Ao principio, entre o ruxe ruxe do rodicio, o roe roe da pedra e algo de medo na miña expresión, parece que non me entendeu. Achegueime máis a el que estaba remexendo maízo na moxega e conteille polo miúdo a situación para acabar dicíndolle: “*Lino, e se probamos levándolle destas benditas augas!*”. Por pouco se me desmaia. Agarrado á moxega eu non sabía se o meneo das mans era por culpa da moxega ou dos nervios. E dime: “*Ai D. Ramón! Imposible! Pídame o que queira, pero o da auga é imposible. Teño feito o xuramento de non darlle máis auga a ninguén*”. Mentres me fala, solta a man da moxega, arremanga o pantalón e amósame as bostelas dos xeonllos, causadas por tantos baldes de auga como tiña sacado do pozo. Dinlle a razón en canto ás bostelas, pero tratei de desmontarlle o do xuramento. “*Pero, mira, Lino. Este é un caso especial. Se curamos a Redondo coas augas, será un auténtico milagre. En Barcelona deron por imposible a curación e temos papeis que o poden demostrar*”. Lino recuaba, pero non cedía. El era home serio. Dera unha palabra e non había outra. Eran moitos aos que vira irse tristes e desgustados pola súa negativa. Eu non sabía por onde atacar. A presión na cabeza era

grande. *“Oíches, Lino. Para que ninguén o saiba podó traerche pola noite un garrafón. Así, todo queda entre nós. Xuramos non dicir nada a ninguén”*. O do novo xuramento que lle propoñía interesábame para sacalo a el do outro xuramento, e tamén porque se a xente chegara a saber que eu era valedor ante Lino choverían máis peticións que pingas de auga tiña o pozo. O pobre Lino non sabía por onde saír. Eu notaba que lle gustaría remediar a Redondo, que lle apetecía contemplar o milagre, que me quería compracer ... pero todo chocaba co seu xuramento e co medo a verse de novo desbordado pola xente. Seguimos dándolle voltas. O da nocturnidade parece que o iluminaba. Pero o xuramento ... A súa palabra era tan sagrada como a do crego. Claro que tamén era unha palabra forzada pola carnicería que tiña nos xeonllos. Resistíase a darma. Xa había máis dun mes que pechara o salón. Nin que llo pediran coas mans dereitas daba auga a ninguén. Pero el e eu fomos amaña e compón; el asegurando ter palabra de home serio e eu certificándolle con palabra de crego ... Funlle dando voltas e dino convencido. Xa derrotado por tanta bonhomía que eu lle amosaba, dime algo retorcido: *“Pois ... bueno ... entón á noitiña tráíame un garrafón”*. Efectivamente, pola noite e ás escondidas, depositei a garrafa na casa de Mera. *“Mañá a estas horas veña por aquí”*, dime Lino. E fun á noitiña seguinte. Daquela sae súa irmá **Lupe**, coñecedora agora dos nosos secretos, e dime: *“D.Ramón, pídlle por Dios que non se saiba nada. Lino morrería de pena e afogado polos non socorridos”*. Tranquiliceina asegurándolle que estabamos tratando con xente seria. E funme coa garrafa, máis ledo que se me tocara a lotería. Cánto daría por saber a que hora foi Lino encher o garrafón!. Por suposto que nin se me ocorreu pensar que fora capaz de enchelo no río no canto de botarlle a auga benfeitora. Lino era a carta cabal; incapaz desa trapallada. Ademais, primeiro Redondo e despois el, os dous eran os máis interesados en non destruír a proba do milagre.

Eu estaba esperanzado; cría que podía funcionar.Sabía que o ril é máis amigo da auga que do viño. Na casa de Redondo non comentara nada. Ás tantas da noite, entro na cociña co meu garrafón ateigado de auga. Explícolles de que se trata e pídlles, como secreto de confesión, que non comenten con ninguén.Que a melloría na saúde de Manolo xa se encargará de publicalo. Sen esperar máis Manolo mételle un trago deses de afogar. Aos poucos días leveille outro garrafón. Devecía por esa auga; bebíaa con fe e con ganas. Pero os riles non aceptaron esa miguiña de radioactividade que, probado coas análises, había nas augas de Lino e, polo visto, era a causante de tanta bondade . E os anxos tampouco quixeron –aínda que pedir si que llo pedíramos- que se producira o milagre. Non tardaron en recoller a súa almiña entre as brancas ás e levala a gozar da Gloria Celestial, que tiña ben merecido. Pero ... bendita xustiza!. **Maruxa** e o seu fillo non eran merecentes de probar os sabores amargos da soidade. Menos mal que os mesmos anxos (dixomo quen os coñecía) non tardaron en vir co remedio.

Eu saín contento da solución aos ditosos “*décimos*”, que por certo andando o tempo souben que xa no século XVI (publicado por D.Arturo Souto Vizoso) *“as aportacións dos fregueses de Santa Mariña, baixo o concepto de décimos, ao mosteiro de Xubia ascendían a cento vinte reais ao ano; unha cantidade grande abondo para daquela”*. Nos anos seguintes xa ninguén se acordou desa servidume, nin apareceu ningún ril con problemas; seguramente que mellorou a alimentación ao haber un trabuco menos. Claro que o recadado non chegou para pagar todos os gastos. Pero foi o gran empuxón para decidírmonos a ir.

Nunca tiven curiosidade por saber qué era o que lle levaban ao cura. Eu si me lembro que, sendo neno, acompañei a meus irmáns Gloria e Antonio xunta ao Cura, **D. Angel**

**Valiña**, e que lle levamos unha ducia de ovos. El preguntoulles algo de Catecismo do Astete. **D. Francisco Caldas**, o Abade de San Sadurniño e Santa Mariña que me precedeu, era bo home, gran amigo de facer favores. Ten colocado xente en Bazán valéndose de recomendacións co seu compañeiro o **P. Fanego**, capelán na Empresa. Era o que se estilaba daquela; o mesmo facía cos soldados **Ricardo Nores**, a quen despois había que levar o xamonciño ... Favores que se terían que pagar se xa estaban feitos, ou que había que ter da man por si un día se precisaba do favorecedor. Eu tamén recordo o xamón que se levaba ao recomendador cando meus irmáns estiveron na Mili. “*O témpora, o mores*”, que dicían os latinos.

Cáceres, verán do 2017